


FUNCIÓN VITAIS DOS SERES VIVOS



1. FUNCIÓN DE NUTRICIÓN: Mediante a función de nutrición o noso corpo obtén enerxía e substancias para vivir.

Na función de nutrición interveñen os seguintes aparatos:

dixestivo


respiratorio

circulatorio

excretor

APARATO DIXESTIVO

- Escribe o nome de cada parte do aparato dixestivo.



➤ **Relaciona con flechas:**

1

No **intestino**, as substancias útiles dos alimentos pasan ao sangue.

2

As substancias que non sirven expúlsanse polo **ano**.

3

Na **boca**, os alimentos tritúranse e mestúranse coa saliva.

4

Os alimentos chegan ao **estómago**, onde se mesturan cos zumes que os descompoñen.

➤ **Verdadeiro ou falso?**


1. As substancias que non sirven quedan no estómago.
2. Na boca, os alimentos mestúranse cos zumes.
3. No intestino, as substancias útiles dos alimentos pasan ao sangue.
4. No estómago tritúranse os alimentos e mestúranse coa saliva.

➤ Recordas as partes e o funcionamento do aparato respiratorio?

APARATO RESPIRATORIO

1. Escribe o nome das distintas partes que interveñen na respiración:

Co aparato respiratorio
tomamos osíxeno do aire.



2. Como funciona o aparato respiratorio? Une con frechas.

1

2

3

4

O aire sen osíxeno sobe
pola tráquea e sae polo
nariz ou pola boca.

O aire entra pola **nariz** ou
pola **boca**.

Nos **pulmóns**, o **osíxeno** do
aire pasa ao **sangue**.

O aire baixa pola tráquea
ata os **pulmóns**.